


TEMA 1

OS COMEZOS DA MÚSICA OCCIDENTAL



Existen moitas especies animais que producen cantos de distintos tipos que poderían calificarse facilmente coma música. Se repiten patróns rítmicos ou melódicos e se van facendo variacións sobre temas expostos, uns animais contestan a outros ou forman coros. Os cantos non so cambian entre especies diferentes sino que algúns animais como as baleas teñen infinidade de “cancións” que son moi “populares” entre membros da mesma comunidade, se transmiten dunha xeración a outra e son moi diferentes das que cantan as doutro extremo do mundo.

A música acompañou ó home dende que apareceu a raza igual que acompaña á maioría dos simios e outras especies similares. Sin embargo o home estaba destinado a dominar ó resto das especies e empezou a empregar instrumentos para conseguir realizar infinidade de cousas. É certo que existen tamén outras especies de animais que empregan instrumentos para romper ovos, para sacar as formigas e termitas dos seus agochos... e incluso para facer sinais sonoras como os monos da selva que golpean os trocos das arbores para marcar a súa posición. Pero ningunha chegou a empregar instrumentos tan elaborados como ó home.

A especie humana non dominou sen embargo rápidamente, e os seus avances foron moi lentos. **O xénero *Homo* xurdiría fai uns 7 millóns de anos** en África e pódese afirmar que o *Homo sapiens sapiens* é unha subespecie do *Homo sapiens*, sendo os seus parentes vivos

máis próximos os grandes simios (conxunto no cal se inclúe), os monos antropoides como o gorila, o orangután ou o chimpancé. Demostración palmar do “parentesco” é que un mapeo do xenoma humano actual indica que o *Homo sapiens sapiens* comparte case o 99% dos xenes co chimpancé e co bonobo. **O *Homo sapiens sapiens* apareceu na África nororiental fai uns 450.000 anos.**

Nun sentido estricto o termo, prehistoria atribuíese ó periodo no que non existe documentación escrita relativa os diversos feitos humanos. No campo da música, dito termo aplicaríase aos períodos da historia nos non existía a escritura da música. Isto desplaza en varios siglos o límite entre a prehistoria propiamente dita e a prehistoria musical.

De épocas anteriores ó que poderíamos chamar, historia da música propiamente dita, tan so dispoñemos de testemuñas materiais sobre a existencia da arte musical. Entre estas testemuñas atópanse restos de instrumentos e, como tambores feitos con *trancos* ou *silbatos* que ben poderían empregarse para facer sinais de caza. O silbato máis antigo é do 10.000 aC. Máis frecuentemente, aparecen imaxes de músicos en acción, nas cavernas se pintaban tocando os *arcos de caza* e bailando.

As primeiras civilizacións tamén deixaron pintadas esculpidas e escritas, alusións a *cerimónias musicais* e descripcións das mesmas.

1.1

MESOPOTAMIA



O territorio de Mesopotamia comprende as terras nas que atopamos os ríos Tigris e Éufrates. A súa situación é en gran parte a responsable do enorme desenvolvemento que alí experimentou a civilización humana durante os primeiros instantes da Historia. A civilización asentase a partir do 5.000 aC, sobre todo na desembocadura dos dous ríos, territorio coñecido nun principio como Sumeria. En Sumeria implantase un réxime de cidades-estado nel que se inician gran parte dos grandes sucesos culturais da historia occidental.

Ainda que a civilización china tamén existía daquela, a civilización mesopotámica é o noso referente cultural máis antigo. Pero da súa música sabemos só o que nos din dos seus instrumentos musicais as imaxes dos baixosrelieves e os textos relixiosos.

Especialmente na época dos sumerios atopamos entre os instrumentos principais a *arpa* e a *lira*, que aparece en formas moi variadas.

A lira considérase o instrumento nacional sumerio. Xa se representa a finais do cuarto milenio precristiano. Atopáronse preciosas liras, adornadas con ouro, prata e pracas de concha con profusión de ilustracións, nas tumbas reais de Ur I. Estas primitivas liras sumerias son tan grandes que se posaban no chan (lira de pe sumeria). A súa caixa de resonancia construíase en forma de toro (símbolo da fertilidade). Máis tarde esa forma estilizouse, pero a cabeza de toro quedou como ornamento. O executante sentábase ante o instrumento e tocaba as cordas con ambas mans. Nas reproducións, o número de estas cordas oscila entre 4, 5 e 7, e nos instrumentos atopados, tamén entre 8 e 11. As cordas asegurábanse ó travesaño mediante chaves, e pasaban sobre unha ponte cara a caixa de resonancia.

Grazas a descubrimentos deste tipo sabemos tamén que que nos medios relixiosos se desenrolou unha serie de ciclos anuais de música litúrxica. Sen embargo, o noso coñecemento da música específica de Mesopotamia é nulo: unos intentos de transcribir unha posible notación babilónica remataron en fracaso.

